

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xullo 2018

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2018

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xullo 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe en Galicia un 0,8% en xullo de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, máis que no conxunto de España (-0,6%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un descenso das vendas do 0,9% e o Resto de produtos do 0,4%.
- En dez comunidades autónomas diminúen as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,1% no mes de xullo de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, dúas décimas menos que no conxunto de España (2,3%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,3% tanto en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en catorce comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xullo 2018				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	113,1	-0,8	1,2
	Xeral sen estacións de servizo	112,9	-0,6	1,3
	Alimentación	104,9	-0,9	0,9
	Resto	119,2	-0,4	1,7



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe en Galicia no mes de xullo un 0,8%, dúas décimas máis que a nivel nacional (-0,6%).


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 0,6% respecto a xullo de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 0,9% e resta 0,3 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación diminúen un 0,6%.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 0,4% e resta 0,3 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas diminúen o 0,6%.

Nos primeiros sete meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,2%, tres décimas máis que en España (0,9%). As vendas en Alimentación aumentan un 0,9% en Galicia e un 0,8% en España; as vendas do Resto de produtos crecen en Galicia un 1,7% e no conxunto do Estado un 1,2%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En dez comunidades autónomas diminúen as vendas en xullo. Os maiores descensos rexístranse en Cataluña (-2,5%) e Cantabria (-2,3%).

Os maiores crecementos danse en Aragón (1,9%) e Illes Balears (1,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xullo 2018

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,6%), Cataluña (-0,3%) e Cantabria (-0,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Aragón (3,3%) e Navarra (2,0%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de xullo de 2018, un crecemento do 2,1% en Galicia, dúas décimas inferior ao de España (2,3%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 1,0% en Galicia e un 1,1% en España. Desagregando por produtos, a Alimentación aumenta as vendas en Galicia un 1,0%, 0,3 puntos menos que a nivel nacional (1,3%). O Resto de produtos aumenta un 0,9% tanto en Galicia como no conxunto de España.



Nos primeiros sete meses do ano, o índice xeral crece un 2,6% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto de España (2,4%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,3% no mes de xullo en Galicia, maior que o nacional (1,0%).

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,0% en Galicia e un 0,9% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en xullo en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Comunitat Valenciana (2,3%), Illes Balears (2,2%) e Asturias (2,0%).

A ocupación diminúe en Castilla - La Mancha (-0,3%).

No acumulado do ano, o maior incremento da ocupación rexístrase en Asturias (3,3%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha (-0,5%) e Andalucía (-0,3%).

Índice xeral de ocupación. Xullo 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	115,2	2,1	2,6	113,1	-0,8	1,2
Xeral sen estacións de servizo	114,1	1,0	2,1	112,9	-0,6	1,3
Alimentación	110,0	1,0	2,4	104,9	-0,9	0,9
Resto	116,6	0,9	1,8	119,2	-0,4	1,7
España						
Xeral	115,7	2,3	2,4	113,6	-0,6	0,9
Xeral sen estacións de servizo	114,6	1,1	1,9	113,6	-0,6	1,0
Alimentación	111,9	1,3	2,5	107,4	-0,6	0,8
Resto	116,6	0,9	1,4	118,9	-0,6	1,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	109,0	2,5	2,4	105,7	-0,3	1,0
Xeral sen estacións de servizo	108,1	1,3	1,8	105,5	-0,1	1,1
Alimentación	104,5	2,1	2,2	99,9	0,2	0,8
Resto	110,3	0,9	1,7	110,0	-0,5	1,4
España						
Xeral	108,1	2,5	2,2	104,9	-0,4	0,7
Xeral sen estacións de servizo	107,2	1,2	1,7	104,8	-0,4	0,8
Alimentación	107,1	1,2	2,3	103,0	-0,4	0,6
Resto	107,0	1,0	1,2	106,6	-0,4	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	115,7	2,3	2,4	113,6	-0,6	0,9
Andalucía	114,1	1,8	2,0	112,5	-0,8	0,6
Aragón	113,3	5,0	4,9	111,4	1,9	3,3
Asturias	111,1	1,9	2,3	109,5	-1,1	1,0
Baleares, Illes	143,4	4,3	3,0	140,4	1,5	1,6
Canarias	112,6	1,3	2,9	111,1	-1,2	1,2
Cantabria	116,6	1,0	1,7	114,0	-2,3	-0,1
Castilla y León	111,2	2,5	1,0	109,1	-0,8	-0,6
Castilla-La Mancha	111,9	4,8	3,0	109,5	1,4	1,3
Cataluña	115,3	0,5	1,7	112,1	-2,5	-0,3
Comunitat Valenciana	122,0	1,6	2,1	120,7	-1,3	0,7
Extremadura	105,0	2,5	1,9	103,9	-0,1	0,7
GALICIA	115,2	2,1	2,6	113,1	-0,8	1,2
Madrid	116,6	3,9	3,4	114,7	0,8	1,8
Murcia, Región de	115,8	2,2	2,3	114,6	-0,6	1,1
Navarra	109,7	4,5	3,5	107,9	1,3	2,0
País Vasco	108,6	3,2	3,0	106,6	0,2	1,5
Rioja, La	113,9	3,0	3,2	112,4	0,0	1,9
Ceuta	105,8	-1,2	-0,5	104,6	-3,0	-1,0
Melilla	110,8	2,7	1,2	109,4	0,2	0,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,7	1,3	1,0
Xeral sen estacións de servizo	104,4	1,3	0,9
España			
Xeral	105,4	1,0	0,9
Xeral sen estacións de servizo	105,3	1,0	0,9

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xullo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,4	1,0	0,9
Andalucía	102,9	0,6	-0,3
Aragón	104,1	0,0	0,2
Asturias	108,2	2,0	3,3
Balears, Illes	117,1	2,2	2,4
Canarias	107,2	1,5	2,5
Cantabria	104,1	0,7	0,6
Castilla y León	104,3	0,6	0,4
Castilla-La Mancha	102,0	-0,3	-0,5
Cataluña	104,9	0,0	0,3
Comunitat Valenciana	110,5	2,3	2,1
Extremadura	103,1	0,9	0,8
GALICIA	104,7	1,3	1,0
Madrid	104,9	1,7	1,5
Murcia	106,2	1,9	1,5
Navarra	103,4	0,5	0,3
País Vasco	103,6	0,9	0,4
Rioja, La	105,8	1,4	1,6
Ceuta	104,0	0,2	1,5
Melilla	103,2	1,3	1,5

Fonte: INE